

II.- AS TRANSFORMACIÓNS REVOLUCIONARIAS

A finais do s.XVIII tiveron lugar en Norteamérica e Francia unha serie de **procesos revolucionarios** que puxeron fin ao absolutismo e lograron impoñer os principios políticos do **liberalismo**, marcando así os inicios do mundo contemporáneo.

A.- A REVOLUCIÓN AMERICANA

Desde principios do s.XVII, a costa leste de América do Norte foi ocupada por colonos británicos. Moitos deles chegaron escapando da opresión ou persecución que sufrían por motivos relixiosos ou políticos en Inglaterra, Escocia ou Irlanda.

A.1.- AS ORIXES DO CONFLITO

A Coroa inglesa permitiulles ás chamadas *13 colonias* un certo grao de autogoberno, só limitado polas leis que lles obrigaban a comerciar obrigatoriamente coa metrópole.


As **causas do conflito** atópanse en que os colonos se sentían inxustamente tratados, xa que aportaban riquezas e impostos á metrópole e, sen embargo, estaban marxinados de todas as decisións políticas, pois non tiñan representantes no Parlamento inglés. Ademais, a metrópole reservaba para si o monopolio de varios produtos, o que complicaba o comercio das colonias con outras partes de América.



Para paliar os gastos da *Guerra dos Sete Anos* contra Francia (1756-1763), na que as colonias colaboraron con homes e recursos, agravouse a presión fiscal desde a metrópole. Así, creáronse novos impostos sobre o azucre e outros produtos. Os colonos protestaron. Sostiñan que, como non tiñan participación política no Parlamento británico, non estaban obrigados a aceptar as súas leis fiscais: “*Ningún imposto sen representación*”.

O chamado “**Motín do Té**” foi un dos **detonantes** da guerra entre as colonias americanas e Gran Bretaña. Aconteceu o **16 de decembro de 1773**, cando un grupo de colonos, disfrazados de indios, asaltaron tres barcos ancorados no porto de Boston e botaron a súa carga ao mar. Protestaban así contra a lei aprobada ese mesmo ano polo rei Xurxo III, que lle outorgaba á Compañía británica das Indias Orientais o monopolio do comercio de té (*Tea Act*).

As tropas inglesas reprimiron con dureza esta revolta e o goberno pechou o porto de Boston, pero soamente conseguiron que o descontento e a indignación se estendese a toda a poboación. Foi o **inicio da Guerra de Independencia**.



- ? 5.- Cal foi a **orixe** da sublevación das colonias?
- 6.- Cal foi o **detonante** que sinala o comezo da *Guerra de Independencia*?

II.- AS TRANSFORMACIÓNS REVOLUCIONARIAS

A.- A REVOLUCIÓN AMERICANA

A.1.- AS ORIXES DO CONFLITO

? 5.- Cal foi a **orixe** da sublevación das colonias?

6.- Cal foi o **detonante** que sinala o comezo da *Guerra de Independencia*?



As colonias do Norte adicábanse á industria e ao comercio e as do Sur tiñas extensas plantacións escravistas, adicadas ao cultivo de tabaco, algodón, azucre...

Os protagonistas do Motín do Té botaron pola borda 343 caixas de té valoradas nunhas 10000 libras daquel momento. Ante a dura represión, o resto das colonias, dispostas a presentar unha loita común contra a metrópole, ofreceron a súa axuda aos rebeldes.

A.2.- A GUERRA DE INDEPENDENCIA

Entre 1775 e 1783 tivo lugar a Guerra de Independencia, dominada nun primeiro momento polos británicos. En 1777 cambiou o curso da guerra, ao recibir os colonos o apoio de Francia e España. Os resultados adversos obrigaron a Gran Bretaña a asinar a paz e recoñecer a **independencia** dos Estados Unidos no *Tratado de Versalles* en 1783.

Ao tempo que se loitaba producíronse importantes cambios políticos. En 1776, redactouse a **Declaración dos Dereitos de Virxinia**, na que, seguindo as ideas ilustradas, se enunciaban os principios de *soberanía nacional, división de poderes e sufraxio*, e foi a base da **Declaración de Independencia**, redactada por Thomas Jefferson e asinada o **4 de xullo de 1776**, pola que nacían os **Estados Unidos de América**.


? 7.- Como conseguiron as 13 colonias a súa **independencia**?



Declaración de Independencia, John Trumbull, 1810

? 7.- Como conseguiron as 13 colonias a súa **independencia**?

A guerra foi longa e desigual. As tropas norteamericanas, formadas por voluntarios, enfrontáronse aos exércitos británicos, profesionais, ben entrenados e mellor equipados. O apoio de Francia e España internacionalizou o conflito e cambiou o seu curso. En 1781, un exército rebelde apoiado por tropas francesas e dirixido por George Washington derrotou aos británicos na localidade de Yorktown (Virxinia). Foi a batalla definitiva, pois ratificou a derrota de Gran Bretaña, que recoñeceu a independencia dos Estados Unidos en 1783.



Consideramos evidentes por sí mesmas as seguintes verdades: todos os homes foron creados iguais...entre os seus dereitos están a vida, a liberdade e a búsqueda da felicidade. Os gobernos son establecidos entre os homes para garantir eses dereitos, e o seu xusto poder emana dos gobernados. Cada vez que unha forma de goberno convértese en destrutora dese fin, o pobo ten dereito a elixir un novo goberno que respecte ditos principios...


Nós, os representantes dos Estados Unidos de América... en nome e pola autoridade do pobo, solemnemente publicamos e declaramos que estas colonias son, e de dereito deben ser, Estados Libres e Independentes, que se consideran libres de toda unión coa Coroa Británica.

Declaración de Independencia, Filadelfia, 4 de xullo de 1776



A.3- UN NOVO MODELO POLÍTICO

Os representantes dos novos Estados Unidos de América redactaron en **1787** unha **Constitución**, que entrou en vigor en 1789 e, con algunhas emendas, segue vixente na actualidade. Foi a primeira lei fundamental que recollía os principios do liberalismo político, pois aseguraba a soberanía nacional, a separación de poderes (lexislativo, executivo e xudicial), a igualdade xurídica e completábase cunha **Declaración de Dereitos** que garantía que ninguén podería ser privado da súa vida, liberdade ou propiedade, así como aseguraba a liberdade de relixión, de prensa, de expresión, de reunión...



A Constitución establecía a creación dunha **república federal** na que cada Estado conservaba gran parte da súa soberanía, pero cedía competencias (política exterior, defensa, moeda...) a un goberno central ou federal dirixido por un presidente, elixido cada 4 anos. O primeiro presidente, elixido en 1779, foi **George Washington**.



? **8.-** Que é unha **Constitución**? Que “mérito” ten a Constitución de 1787 dos Estados Unidos?

9.- Cales eran as **características** do sistema político dos Estados Unidos?

A.3- UN NOVO MODELO POLÍTICO

? 8.- Que é unha **Constitución**? Que “mérito” ten a Constitución de 1787 dos Estados Unidos?

9.- Cales eran as **características** do sistema político dos Estados Unidos?

Nós, o pobo de Estados Unidos, co propósito de formar unha Unión máis perfecta, establecer a xustiza, garantir a tranquilidade interior, atender á defensa común, fomentar o benestar xeral e asegurar os beneficios da liberdade para nós e a nosa posteridade, establecemos e sancionamos esta Constitución.

Art.1. O poder lexislativo atribúese ao Congreso, formado por un Senado e unha Cámara de representantes.

Art.2. O poder executivo atribúese a un Presidente. Exercerá o seu cargo por un mandato de catro anos (...).

Art.3. O poder xudicial atribúese a un tribunal Supremo e a aqueles tribunais inferiores que o Congreso estableza nun futuro.

Constitución dos EEUU de Norteamérica, 1787.



Os EEUU foron as primeiras colonias que se independizaron da súa metrópole e o primeiro país do mundo onde se estableceu un novo réxime baseado nos principios liberais, converténdose nun **modelo a imitar** por outros pobos.